



OBSERVACIÓNS DE ADEGA NO TRÁMITE DE AUDIENCIA DO ANTEPROXECTO DE LEI DE ADMINISTRACIÓN AMBIENTAL SIMPLIFICADA

Pola presente, a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) achega as seguintes observacións ao Anteproxectos de Lei de Administración Ambiental Simplificada:

O Anteproxecto de Lei de Administración Ambiental Simplificada nace, para segundo se expón, coordinar e unificar diversos trámites ambientais e reducir cargas administrativas; mais chama a atención en primeiro lugar o propio nome da lei, polo que supón de mudanza de paradigma: substituír a protección do ambiente pola súa “administración”. É a un tempo unha declaración de intencións e unha confesión da Xunta de insistir en “simplificar” todo o relacionado cos controis ambientais, e xa postos, co medio ambiente, reducindo o seu papel a un simples portelo de expedición de permisos.

A nova lei pretende unificar os trámites das diversas avaliacións e autorizacións ambientais, particularmente da AAI -autorización ambiental integrada-, coordinándoa coa AAE -avaliación ambiental estratéxica-, a AIA -avaliación de impacto ambiental- e o IIA -informe de incidencia ambiental-. Incorpora tamén disposicións de normas anteriores devauladoras das garantías ambientais e de participación pública, que tamén modifica, como a de competitividade (Lei 9/1013) a de “depredación” (Lei 5/2017), ou a de simplificación administrativa (Lei 9/2021), afectando tamén á Lei de Patrimonio Natural (5/2019) e mesmo ao Plano Director da Rede Natura 2000 (Decreto 37/2014).

Como principais novidades, a norma cría un novo trámite administrativo, a Autorización Ambiental Integrada Simplificada, aplicábel a instalacións industriais “de menor impacto” e incorpora, através dunha disposición adicional, a aceleración dos proxectos das enerxías renovábeis recollidas na Directiva UE 2018/2001. Con respecto á Autorización Ambiental Integrada simplificada, aplicarase a proxectos que non estando sometidos a AAI ordinaria, deban obter dúas ou máis autorizacións sectoriais (por emisións á atmosfera, de GEIs, recollida ou tratamento de refugалlos, verteduras ao DPH ou verteduras ao mar), ou unha das anteriores xunto coa Avaliación de Impacto Ambiental (AIA). Esta “simplificación” implica tamén que os proxectos sometidos a AAI simplificada someteranse ao trámite de información pública (20 días) só se precisan autorización de vertedura ou deban someterse a avaliación de impacto ambiental, e ademais non se publicarán para consulta na sede dos concellos.

Para as demais autorizacións -Proxecto Industrial Estratéxico (PIE), AAI ordinaria, Avaliación Ambiental Estratéxica (AAE), Avaliación de impacto ambiental (AIA) e autorización substantiva), o trámite de información pública será único e simultáneo coa consulta ás partes interesadas, a solicitude doutros permisos e dos informes preceitivos. No trámite de alegacións a solicitude de declaración de persoa interesada xa debe incluír a documentación xustificativa de solicitar tal condición. A Xunta terá que resolver os procedementos en 3 meses (agás os PIE, en 45 días), e estes prazos reduciranse nun mes se intervén unha entidade de colaboración ambiental. Deste xeito, aliás de “colapsar” varios trámites antes consecutivos e xibarizar a participación pública, a Xunta consolida unha privatización mal encoberta das tramitacións ambientais de proxectos e relega aos que non contén con esta “colaboración” privada.

Os concellos tampouco saen ben parados nesta nova lei: por unha banda a Xunta fúrtalles competencias urbanísticas, xa que non terán que informar sobre a compatibilidade dos PIE co PXOM; e por outra delega neles o seguemento e de todas as actividades sometidas a AAI, non só os da súa competencia, se verten á rede municipal.

Finalmente, a norma contén tamén disposicións adicionais e finais con importantes cargas de profundidade:

Na Disposición adicional 2ª, relativa á aceleración dos proxectos eólicos, a Xunta incorpora a exención da avaliación ambiental para proxectos de enerxías renovábeis (eólicos, hidroeléctricos, de produción de enerxía eléctrica e vapor, de transporte de enerxía), incluídos o depósito subterráneo de gases combustibles e de produtos petroquímicos e químicos, así como as modificacións dos xa autorizados ou en proceso de execución, establecida na Directiva (UE) 2018/2001.

Esta exención significa que se poderá saltar por riba das Directivas 2011/92/UE de Avaliación ambiental e a 92/43 CEE de Hábitats, a condición de aprobar previamente un plano de designación das zonas de aceleración renovable eólica e sometelo ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica.

E na Disposición final 3ª, a Xunta modifica o Plano Director da RN2000 para eximir ás liñas de evacuación de enerxía da exclusión que os proxectos eólicos, hidroeléctricos e fotovoltaicos teñen decretada nos territorios baixo esta figura de protección.

Con esta nova lei a Xunta, ao abeiro da vaga desreguladora e extractivista preconizada polo trumpismo, afonda no baleirado de contido da lexislación de protección ambiental,

Polo devandito, **SOLICITAMOS**

A retirada do texto íntegro do Anteproxecto de lei de Administración Ambiental Simplificada e a recuperación das garantías ambientais e de participación pública xa devaluadas polas recentes modificacións legais en aras da simplificación administrativa.

En Santiago a 27 de novembro de 2025.